



Concello de Betanzos
Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 27 DE ABRIL DE 2021

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar de xeito telemático por videoconferencia, o próximo martes 27 de abril de 2021 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo de realizar a sesión de xeito telemático por videoconferencia é debido a unha adaptación ás últimas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en materia de protección fronte á Covid-19

SEGUNDO. Deixar sen efecto a ORDE DO DÍA que lles foi remitida o día de onte por terse detectado erros na mesma e establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

- 1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións anteriores*
- 2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.*
- 3. Dar conta da aprobación da liquidación do exercicio 2020*
- 4. Dar conta dos reparos 2020*
- 5. Contrato Hotel San Roque, trámites de desahucio*
- 6. Crédito extraordinario, núm. 20/2021, financiado con RLTX para financiar convenio coa Xunta de Galicia para concesión de axudas á hostelería, Covid-19*
- 7. Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello de Betanzos para a concesión das axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.*
- 8. Moción do BNG sobre creación dun centro de día público no antigo ambulatorio*
- 9. Moción do BNG sobre a situación da lingua galega no Concello de Betanzos.*
- 10. Moción do PP para adopción de medidas en materia de telecomunicacións.*
- 11. Moción do PP relativa a situación do Complejo San Roque*
- 12. Rogos e preguntas*



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Adrián J. Márquez Caramés